


CÓMPUTO DA CARGA DOCENTE BÁSICA EN TITULACIÓN DE GRAO

1. MOTIVACIÓN

Os cambios normativos que veñen producíndose nos últimos anos, fan que os centros estean a tomar cada vez maior relevancia e responsabilidade institucional na organización da docencia e no desenvolvemento xeral das titulacións de grao. Así, os centros foron acumulando novas tarefas derivadas do novo marco normativo (elaboración de memorias de titulacións, sistemas de garantía de calidade, seguimento de titulacións,...) e asumindo o aumento de traballo derivado do desenvolvemento de procesos preexistentes (mobilidade de alumnado, prácticas externas, captación de alumnado,...). Neste contexto, os centros deberán xogar un papel fundamental no establecemento dos Planes Docentes Anuais (PDA) sobre os que pivota a organización académica e a actividade do profesorado no marco do EEES. Os criterios organizativos da actividade docente do profesorado non deberían limitarse a un percorrido de curto prazo derivado da planificación do curso seguinte, senón que tamén deberían definir as necesidades estruturais de profesorado para o desenvolvemento dos estudos.

Na primeira etapa de transición das ensinanzas derivadas da LRU cara ao EEES, o Consello de Goberno de 10/03/08 aprobou o “Programa especial de consolidación de cadros de profesorado en áreas/campus” que estableceu as condicións para saída a concurso de prazas de carácter consolidable durante os cursos 2009/10, 2010/11 e 2011/12. Unha vez rematado este período, as necesidades estruturais de profesorado deben determinarse a partir de indicadores académicos básicos de tipo xeral que permiten medir o esforzo necesario en recursos humanos cun carácter estable no tempo. Entre estes indicadores están o número de estudantes que acceden cada ano por primeira vez aos estudos e as taxas de abandono, graduación e eficiencia, que permiten cuantificar o número medio de estudantes matriculado nunha titulación e a matrícula global na mesma. A partir destes datos, é posible cuantificar as horas lectivas de profesorado necesario en cada titulación tras a determinación pola Universidade dun Tamaño medio de grupo. O Tamaño medio de grupo deberá ser establecido pola Universidade procurando un xusto balance entre criterios de calidade e viabilidade económica.

Estas horas lectivas, computables dentro das 240 horas de actividade docente básica do profesorado a tempo completo, son as que determinan os cadros docentes necesarios. Non obstante, existe unha crecente demanda na comunidade universitaria de contabilizar e rexistrar anualmente todo tipo de actividades académicas do PDI: actividade docente básica, titorías, actividade docente complementaria, actividade de xestión, de investigación, de transferencia, etc. Para acadar calquera rexistro de actividade é necesario que un órgano colexiado recoñeza determinada actividade e que o recoñecemento teña unha tradución en horas de traballo anuais, o que permite visualizar a actividade total do PDI ao longo das 37,5 horas semanais. Como referencia pode considerarse que a actividade equilibrada entre docencia e investigación+transferencia dun profesor ou profesora “tipo” que non exerce cargo de xestión é a seguinte:



Distribución de tarefas anuais do PDI.

Sobre este esquema inicial, admítase que o profesorado que exerce actividades ou cargos de xestión incorpora esta actividade ao esquema cun determinado porcentaxe que depende da intensidade desta xestión e que reduce por igual a súa dispoñibilidade para o desenvolvemento das actividades docentes e de investigación+transferencia. Aínda que a definición da carga básica refírese exclusivamente á actividade docente básica, é a intención do equipo de goberno introducir estes esquemas de recoñecemento diferenciado de actividades nos esquemas da PDA anual.

2. CÓMPUTO DA CARGA DOCENTE BÁSICA EN TITULACIÓNS DE GRAO

2.1 Definición de indicadores e parámetros.

Para cada título de grao, defínense os seguintes indicadores :

N. Número efectivo de acceso de estudantes de primeiro curso. Será o menor valor entre o límite de acceso aprobado e a media ao longo dos derradeiros catro cursos do número de estudantes de novo ingreso en primeiro curso. De non dispoñer de datos de catro anos tomarase a media dos anos que correspondan dende a implantación dos estudos.

Tg. Taxa de graduación

Ta. Taxa de abandono

Te. Taxa de eficiencia que a Universidade determine como obxectivo.

Establécense ademais os seguintes valores para os parámetros que se indican:

$HL=8.75$ horas lectivas por ECTS, resultantes de computar como lectivas o 35% das 25 horas fixadas como carga dun ECTS na Universidade de Vigo.

$TMG_B=35$ é o tamaño medio de grupo que a universidade establece aos efectos de cómputo do cadro docente básico.

N_{ECTS} é o número de créditos ECTS de que consta a titulación de grao para o estudante excluindo os cursados obrigatoriamente como prácticas externas.

2.2 Cómputo das horas totais de carga docente básica por grao.

Baseándose nun modelo matemático dos fluxos medios de estudantes e os seus ECTS matriculados, poden establecerse as horas de carga docente básica (CDB) do grao como expresión das horas lectivas a impartir no grao como:

$$CDB = \frac{N N_{ECTS} HL (1 - 0.6T_a)}{TMG_B T_e}$$

Fixarase unha taxa de eficiencia do 90%. Mentres non estean totalmente implantadas as titulacións de grao e non se dispoña de datos relativos ás taxas de graduación e abandono, considerarase como taxa de abandono a rexistrada con anterioridade á implantación do grao na correspondente titulación LRU.

2.3 Encargo de horas de carga docente básica

As horas de CDB que resulten para o conxunto de todos os graos nun determinado centro, deberán ser perfiladas polo mesmo segundo os departamentos ou as unidades organizativas con capacidade para propor concursos de profesorado específicos. O centro deberá determinar a distribución porcentual das horas nos departamentos, froito das súas estimacións da PDA ou encargo anual que se derivaría dos números medios de matrícula. Esta distribución porcentual entre departamentos debe permanecer invariable durante un período de catro anos.

O cadro docente teórico dos departamentos quedará configurado unha vez establecidas as propostas de todos os centros.

A saída a concurso de prazas consolidables, que será regulada nas normas de POD anuais, estará condicionada á existencia dun déficit igual ou superior a 240 horas nun departamento e campus. Para o cómputo do déficit comparárase as necesidades docentes (horas de carga docente básica nos graos) e a dispoñibilidade resultante de contabilizar 240 horas por cada praza con vinculación permanente no campus que tivera asignado cada docente no “Programa especial de consolidación de cadros de profesorado en áreas/campus”.

2.4 Elaboración e tramitación de propostas

Os centros recibirán os datos correspondentes á carga docente básica de cada titulación que recollerá os indicadores xerais do grao xa descritos nos apartados 2.1 e 2.2 e elaborarán a proposta de distribución porcentual descrita no apartado 2.3.

A proposta deberá contar coa aprobación da Xunta de Centro e será presentada no prazo establecido pola vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións. As propostas recibidas serán analizadas na COAP, que poderá solicitar, se procede, unha revisión das mesmas.

Unha vez rematado o proceso terá efectos nas normas de POD do curso seguinte que sexan presentadas ao Consello de Goberno.